

5

O GALEGUISMO DESPOIS DA GUERRA CIVIL

A ESTRATEXIA GALAXIA



Día das Letras Galegas 2009

Ramón Piñeiro

Galaxia empezou desde menos cero, e cando visitabamos as librerías deixando os libros en depósito indefinido todas se negaron menos dúas, que os levaron á trastenda.


A policía tiña toda unha equipa de expertos. Por exemplo, cando fundamos Galaxia viñeron dous funcionarios especializados desde Madrid que se instalaban en Correos para controlar todo o referente a Galaxia, cousa que soubemos por un médico amigo que nolo advertiu. Zafámonos cunha estratexa que foi escribirlle a Ben-Cho-Shey, suxeríndolle que enviase unha carta co selo do Consello Superior de Investigacións Científicas, dando a valer a importancia da Editorial que se ía fundar. Como leron a carta con ese carimbo oficial de garantía decidiron marchar.

Fernández del Riego, entrevista en "As horas secuestradas, vida cotiá do franquismo", *Cadernos de A Nosa Terra*, páx. 28.

A editorial Galaxia consegue recuperar os vellos valores silenciados pola guerra civil: Cabanillas, Otero, Risco, Castelao, Cuevillas, Maside, Carvalho Calero e dar a coñecer novos valores a través da Colección Illa Nova. Nunha esfera máis ampla da súa estratexa de galeguizar a sociedade editaron a Revista de Economía e a Revista Grial para expoñer ante a opinión pública galega a investigación e descubertas en economía e cultura respectivamente.

Efectivamente, dende o ano 43 ao 50 o galeguismo actuou intensamente en contacto coa oposición clandestina coa esperanza de que ao remate da II Guerra Mundial se restablecería a democracia en España. Tratábase de procurar que os dereitos democráticos do pobo galego estivesen presentes en chegando ese cambio. Pero polo 50 xa estaba moi claro, tremendamente claro, que ese cambio non se ía producir. A partir de aí as posibilidades de actuación clandestina carecían de horizonte real (...). As consecuencias da guerra civil e da guerra mundial (...) impúñannos unha responsabilidade política fundamental, : galeguizar os xoves para que no futuro, nun futuro entón imprevisible, Galicia puidese contar coa posibilidade de asumir a súa propia responsabilidade política.

Ramón Piñeiro. Entrevista. [En Víctor Freixanes, *Unha ducia de galegos*, 1976]



Pasan os anos e a Ditadura permanece. Destacadas figuras do galeguismo asumen que non haberá democracia durante moito tempo e establecen una dobre estratexa:

- Mantemento dunha estrutura activa e clandestina coas forzas democráticas españolas.
- Iniciación dunha actividade legal cuxa función será afirmar a existencia de Galicia; crear unha conciencia galeguista nas novas xeracións radicalmente desgaleguizadas pola propaganda en que se apoiaba a Ditadura para lexitimarse; e rescatar para as novas xeracións a memoria e o exemplo do galeguismo antes da Guerra Civil. Para estes propósitos nace a Editorial Galaxia en 1950. Ramón Piñeiro será o seu primeiro director.



Evolución dos logotipos de Galaxia ao longo dos seus case 60 anos de historia. Desde os seus inicios a editorial era moi consciente de que para gañar lectores o libro en galego debía ofrecer, ademais de boa literatura, algo que lle engadise valor e prestixio. A fórmula de éxito foi a colaboración de grandes artistas no deseño de cada portada e as moitas ilustracións do interior.